MSV NO TCA DA PO-552. NIGRÁN E BAIONA

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a mellora da seguridade viaria na estrada PO-552, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 10+600-14+230 mediante a implantación de medidas de ordenación do tráfico, mellora da visibilidade e protección dos usuarios vulnerables. As actuacións inclúen a remodelación da intersección coa EP-2106 e a rúa Francisco Lago no P.Q. 12+100, onde se proxecta unha nova glorieta como elemento de calmado e reorganización do tráfico, a mellora dos pasos peonís, a mellora da iluminación e o reforzo de sinalización horizontal e vertical.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-552: Vigo (Av do Alcalde Portanet) - Tui (N551) pertence a rede Estruturante da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da Actuación

• Implantación dunha glorieta no P.Q. 12+100 da PO-552, na intersección coa estrada provincial EP-2106 e a rúa Francisca Lago, na entrada á Ramallosa.
• Execución de beirarrúas no ámbito inmediato a glorieta e na zona da intersección, con ancho variable de 1,8m ata 7,0 m e elevadas 10cm sobre a rasante da calzada
• Iluminación da nova glorieta e de distintos pasos de peóns ao longo de todo o treito.
• Mellora da seguridade e accesibilidade de 22 pasos peonís existentes.
• Renovación e reforzo da sinalización horizontal e vertical.
• Implantación elementos de balizamento para mellorar a canalización do tráfico e a percepción dos puntos singulares.

4. Características técnicas

Glorieta: diámetro exterior 24m, illote central de 6m de diámetro en formigón coloreado, un carril de 8m, beiravía interior de 1m e exterior de 0,5m.
A intersección da PO-552 coa estrada provincial EP-2106 resolverase mediante unha intersección en "T". En sentido descendente disporase dun carril de incorporación á PO-552 desde a EP-2106 e en sentido ascendente a incorporación desde a EP-2106 á PO-552 realizarase mediante unha intersección regulada con STOP.
Firmes e pavimentos:
- Calzada: sección 221 no ámbito da glorieta: 25 cm de saburra artificial + 10 cm de mestura bituminosa AC32 base BC50/70S+ 10 cm de mestura bituminosa AC22 bin BC50/70 S + 5 cm mestura bituminosa AC22 surf BC50/70 S.
sección 3121: 40 cm de saburra artificial + 10 cm de mestura bituminosa AC22 bin BC50/70 S + 6 cm mestura bituminosa AC22 surf BC50/70 S; nos treitos nos que unicamente sexa precisa a renovación da capa de rodadura, realizarase un fresado de 5 cm e a súa posterior reposición mediante 5 cm de mestura bituminosa AC16 surf BC50/70 S
- Beirarrúas: baldosa hidráulica con acabado granallado sobre base formigón de 15 cm HM-20+ 5cm morteiro de cemento e de acordo co requirido pola normativa disporanse baldosas táctiles de botóns e direccionais de cor diferenciada.
- Bordos: Bordos de formigón prefabricados C5 nas beirarrúas sobre 15cm de formigón HM-20 e bordos de formigón remontables nos illotes sobre 10cm de formigón HM-20.
Sinalización e balizamento:
Sinalización horizontal con marcas viarias de alta durabilidade con niveis elevados de retrorreflexión, resalto sonoros e dobre liñas continuas; en sinalización vertical substitución de elementos obsoletos e actualización de tipografías e pictogramas mediante sinais retrorreflexión clase RA2. Para o balizamento substitúense terminais perigosos (tipo "cola de peixe") por terminais en cola de retorno homologados e a instalación de postes tubulares en barreiras novas.
Alumeado:
Iluminaranse 15 pasos de peóns do treito principal e 2 pasos de peóns dos viarios de acceso a glorieta, mediante luminarias sobre columnas de 6-9 mts de altura para mellorar a seguridade viaria.
A glorieta iluminarase instalando na zona exterior 4 luminarias sobre columnas de 8 m e reforzarase a iluminación do vial de acceso a glorieta.
A alimentación das novas luminarias realizarase mediante canalizacións subterráneas, arquetas de pe de columna e as arquetas e canalizacións necesarias nos cruzamentos e conexión coa rede de alumeado publico existente.
Drenaxe da glorieta: instalación de 13 sumidoiros (8 nova execución e 5 reposicións), conectados a rede de pluviais existente con tubaxe PVC 200mm.

5. Poboación Servida (INE 2025)

Nigrán: 18.174 hab. Baiona: 12.361 hab.
TOTAL: 30.535 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Nigrán e Baiona.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 4, no concello de Nigrán.

Expropiación de terreos	3.024,00 €
Ocupación temporal	57,00 €
Bens afectados	27.583,24 €
Premio de afección 5%	1.530,37 €
Total Expropiacións:	32.194,81 €


8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CINCO (5) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	735.169,83 €
Orzamento de Expropiacións	32.194,81 €
Orzamento de Reposición de Servizos Afectados	28.645,02 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	796.009,66 €

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIÓNS TIPO

